

**II CONCURSO ENCIGA-MATEMÁTICAS
UNIDADES DIDÁCTICAS DE MATEMÁTICAS**

BASES

- 1ª. Os participantes no concurso deberán ser profesores de calquera nivel educativo e de calquera lugar de España ou Portugal, **podendo presentarse os traballos en galego, portugués ou castelán.**
- 2ª. Están excluídos de participar os membros da Directiva de ENCIGA e os seus familiares directos.
- 3ª. O prazo de entrega dos traballos finaliza o **15 de outubro de 2006.**
- 4ª. A entrega do premio realizarase no **XIX** Congreso de ENCIGA.
- 5ª. Respecto das Unidades Didácticas presentadas:
 - a) Serán orixinais, non premiadas en outros concursos.
 - b) Tratarán sobre calquera aspecto das Matemáticas e irán dirixidas a calquera curso da ESO ou de bacharelato.
 - c) De cada traballo enviaranse tres copias en papel, a dobre espazo, tipo de letra de 12 puntos e con marxes de 2cm, acompañadas doutra copia en soporte informático e escrita nun procesador de textos común.
 - d) Como máximo, cada unidade terá **25 páxinas.**
 - e) Serán enviadas a: *Aptdo. 103, 15780 SANTIAGO (España)*, indicando “Concurso de Unidades Didácticas de Matemáticas”.
 - f) Como **única identificación** figurará na primeira e última páxina o alias dos autores, que constará dun mínimo de tres palabras. Nun sobre aparte, **cerrado**, figurará exteriormente o alias e no interior o nome dos autores, a súa dirección e un teléfono de contacto.
 - g) Non se admitirán aqueles traballos nos que os autores teñan a propiedade dos Dereitos de Autor compartida con calquera organización, ou ben que dunha ou outra forma os autores non sexan propietarios exclusivos dos citados Dereitos.
- 6ª. Respecto do premio:
 - a) Valoraranse especialmente as unidades que aporten un enfoque interdisciplinar e as que contemplen medidas de atención á diversidade, mostren como utilizala na aula e que dean unha xustificación metodolóxica da proposta.
 - b) O premio consistirá en 500 € e a publicación do traballo.
 - c) Os autores premiados comprométense a presentar o seu traballo no XIX Congreso de ENCIGA.
 - d) ENCIGA reservase o dereito de volver a publicar os traballos premiados.
- 7ª. Respecto ao xurado encargado de valorar os traballos:
 - a) Poderá interpretar as presentes bases.
 - b) Poderá outorgar o premio a máis dun traballo ou declaralo deserto.
 - c) Terá un número impar de membros, e na súa composición estarán:
 - I) Unha persoa destacada no ámbito da educación matemática que exercerá a función de presidente.
 - II) Un membro da Directiva de ENCIGA.
 - III) Un membro do Grupo de Matemáticas.
 - IV) A Secretaria de ENCIGA, quen levantará Acta das conclusións, con voz pero sen voto.
 - d) A decisión do Tribunal será inapelable.
- 8ª. A participación no Concurso supón a aceptación das presentes Bases.